



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Outubro de 2020

PROVINCIA DE A CORUÑA
OUTUBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	45.631	-70,3%	81.733	-70,8%	1,79	-1,6%	17,07%	-32,78
PENSIÓNS	11.204	-66,5%	35.514	-48,6%	3,17	53,3%	16,90%	-12,71
ESTAB. HOTELEIROS	56.835	-69,6%	117.248	-66,4%	2,06	10,6%	17,02%	-26,88
APTOS. TURÍSTICOS	4.020	-28,6%	9.592	-11,4%	2,39	24,0%	19,19%	-1,33
TURISMO RURAL	1.283	-79,7%	2.324	-72,6%	1,81	35,0%	5,79%	-9,57
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	5.303	-55,7%	11.916	-38,3%	2,25	39,1%	-	-
TOTAL	62.138	-68,8%	129.164	-64,9%	2,08	12,4%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña neste décimo mes do ano. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 69% e o volume de noites un 65% en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que este mes os establecementos regrados da provincia conseguiron manter un terzo da demanda rexistrada no mesmo período de 2019.
- Obsérvase ademais un comportamento negativo xeneralizado nas diferentes tipoloxías, con caídas da demanda en todas elas de diversa intensidade. Descende o volume de noites un 66% nos establecementos hoteleiros –un 71% nos hoteis e un 49% nas pensións-, un 73% nos establecementos de turismo rural e nun 11% nos apartamentos turísticos –a modalidade que mellor resistiu neste mes, igual que en setembro-.
- O 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 63% nos hoteis e un 28% nas pensións-. O 9% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado no sentido de que todos presentan caídas en termos interanuais pero difiren considerablemente na intensidade. Así, o turismo interno descende un 22%, o receptor nacional un 63% e o internacional un 88% -segmento de peor comportamento en termos relativos-.
- O segmento de maior peso neste mes é o receptor nacional. Representa en outubro o 48% do total das noites hoteleiras. O turismo interno absorbe o 37% mentres que o 15% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Descende en todas as tipoloxías, con maior intensidade nos hoteis.
- Incrementábase a estadía media neste mes, nun 12,4%, para situarse en 2,1 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE LUGO
OUTUBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	18.713	-56,1%	31.065	-56,5%	1,66	-0,9%	21,45%	-19,85
PENSIÓNS	5.799	-75,0%	9.657	-70,1%	1,67	19,8%	11,19%	-15,47
ESTAB. HOTELEIROS	24.511	-62,8%	40.722	-60,7%	1,66	5,5%	17,61%	-17,65
APTOS. TURÍSTICOS	856	-81,6%	5.533	-47,2%	6,46	186,5%	15,24%	-11,79
TURISMO RURAL	2.415	-64,1%	4.211	-55,9%	1,74	22,7%	9,94%	-8,56
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.271	-71,2%	9.744	-51,4%	2,98	69,0%	-	-
TOTAL	27.782	-64,0%	50.466	-59,2%	1,82	13,4%	-	-

- Rexístrase neste mes de outubro un descenso da demanda turística regrada na provincia de Lugo. Cae a cifra de viaxeiros aloxados un 64% e o volume de noites un 59% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso vén provocado polas caídas rexistradas en todas modalidades de aloxamento. A demanda cae de forma moi acusada nas pensións –un 70%-, algo máis da metade dos niveis do pasado ano nos hoteis e establecementos de turismo rural e un 47% nos apartamentos turísticos.
- O 81% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 62% nos hoteis e un 19% nas pensións-. O 19% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 11%- e os establecementos de turismo rural –co 8% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento negativo e homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Descende un 42% o turismo interno, un 59% o receptor nacional e un 88% o internacional. O segmento de maior peso neste mes de outubro é o turismo interno –representa o 50% das noites hoteleiras-. O 42% corresponde ao receptor nacional mentres que tan só o 8% é internacional.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento negativo xeneralizado, con descensos en todas as modalidades. A caída achégase aos 20 puntos porcentuais nos hoteis, sitúase nos 15 puntos nas pensións, nos 12 puntos nos apartamentos turísticos e baixa aos oito puntos en turismo rural.
- A estadía media increméntase neste mes –un 13,4% en particular- para situarse levemente por encima de 1,8 noites.

PROVINCIA DE OURENSE
OUTUBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	10.423	-61,7%	19.631	-60,9%	1,88	2,2%	15,53%	-23,13
PENSIÓNS	2.161	-61,0%	5.482	-49,0%	2,54	30,8%	10,31%	-7,74
ESTAB. HOTELEIROS	12.584	-61,6%	25.113	-58,8%	2,00	7,3%	13,99%	-18,18
APTOS. TURÍSTICOS	113	-58,6%	280	-53,9%	2,48	11,3%	5,23%	-1,36
TURISMO RURAL	1.405	-46,0%	2.645	-36,9%	1,88	16,8%	9,67%	-4,26
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	1.518	-47,2%	2.925	-39,1%	1,93	15,4%	-	-
TOTAL	14.102	-60,4%	28.038	-57,4%	1,99	7,8%	-	-


- Ourense participa tamén da dinámica negativa deste mes e rexistra caídas importantes da demanda turística regrada. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 60% e o volume de noites nun 57% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A caída da demanda afecta a todas as modalidades de aloxamento pero de forma máis acusada nos hoteis –que rexistran un descenso do 61%- e nos apartamentos turísticos –do 54% neste caso-. Presenta mellor comportamento en termos relativos o segmento do turismo rural, cunha caída do 37%.
- O 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 70% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 10% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 1%- e os establecementos de turismo rural –co 9% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado, con caídas de similar intensidade. Neste mes descende o turismo interno e o receptor nacional un 58% e o internacional un 62% -todas as porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno –representa o 52% do total das noites hoteleiras-. O turismo receptor nacional ten tamén un peso importante -representa o 38%- mentres que o 10% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora en todas as modalidades pero con maior intensidade no segmento hoteleiro –máis de 23 puntos nos hoteis e case oito puntos nas pensións- fronte aos apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural –que rexistran un descenso por encima dun punto porcentual os primeiros e de algo máis de catro puntos os segundos-.
- A estadía media mellora neste mes –un 7,8% en particular- situándose en dúas noites.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
OUTUBRO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	44.584	-60,7%	83.366	-66,6%	1,87	-15,1%	21,00%	-22,58
PENSIÓNS	4.549	-70,3%	10.870	-59,7%	2,39	35,7%	12,89%	-15,43
ESTAB. HOTELEIROS	49.133	-61,8%	94.236	-66,0%	1,92	-10,8%	19,57%	-21,84
APTOS. TURÍSTICOS	598	-67,6%	1.895	-61,8%	3,17	17,9%	5,14%	-5,24
TURISMO RURAL	1.020	-67,4%	1.742	-67,1%	1,71	1,0%	3,64%	-5,97
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	1.618	-67,5%	3.637	-64,5%	2,25	9,1%	-	-
TOTAL	50.751	-62,0%	97.873	-65,9%	1,93	-10,2%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste mes de outubro. Obsérvase neste sentido unha dinámica parella á das restantes provincias, cun descenso da cifra de viaxeiros aloxados do 62% así como do volume de noites –do 66% neste caso-. Significa isto que os establecementos regrados de Pontevedra rexistraron neste mes menos da metade da demanda de outubro de 2019.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas, con notable intensidade. Descende así o volume de noites un 67% nos hoteis, un 60% nas pensións, un 62% nos apartamentos turísticos e un 67% nos establecementos de turismo rural.
- O 96% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 85%- e ás pensións –co 11%-. A porcentaxe restante corresponde aos apartamentos turísticos e aos establecementos de turismo rural –ambos co 2% do total da demanda-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento igualmente negativo, con caídas de diversa intensidade. O turismo interno –dos residentes en Galicia- descende un 38%, o receptor nacional un 73% e o internacional un 80%. Así pois é o mercado interno o que mellor resiste as consecuencias da crise.
- O segmento de maior peso na provincia é o mercado nacional –absorbe o 88% do total da demanda, porcentaxe que se reparte a partes iguais entre o turismo interno e o que procede do resto do Estado-. O 12% do total da demanda é internacional.
- Os niveis de ocupación descenden tamén de forma importante pero variable. Obsérvanse caídas de 23 puntos porcentuais nos hoteis –segmento que sofre con maior intensidade este contexto negativo-, de 15 puntos nas pensións e de máis de cinco puntos nos apartamentos turísticos e en turismo rural.
- Descende neste mes a estadía media –nun 10,2%- situándose en pouco máis de 1,9 noites.

Reparto da demanda turística regrada. Noites outubro 2020



Variación da demanda turística regrada. Noites outubro 20/19

